

**MELLORA DA DRENAXE
DAS ESTRADAS PO-550 E PO-504**

CLAVE: PO/24/021.02

1. Obxecto da Actuación

O presente proxecto ten por obxecto a mellora do sistema de drenaxe das estradas PO-550 e PO-504 en Meaño e Sanxenxo. Tamén se realizarán actuacións para a mellora dos itinerarios peonís en diversos puntos da estrada PO-504.

2. Plan de Estradas

A estrada PO-550 é unha estrada convencional da Rede Local da Xunta de Galicia.

A estrada PO-504 é unha estrada convencional da Rede Local da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

Preténdese solucionar a interconexión entre as redes de pluviais e fecais nas estradas PO-550 e PO-504, de xeito que funcionen separadamente, e coa finalidade de eliminar ás incidencias observadas na rede de saneamento e pluviais da marxe esquerda da ría de Arousa. Por outra banda, realizaranse melloras nos itinerarios peonís en diversos puntos da estrada PO-504, na súa marxe esquerda entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 4+260 ata PP.QQ. 4+340, ao carecer estes mesmos puntos de beirarrúas ou sendas.

4. Características técnicas

Incidencias na rede que se pretenden resolver:

- 10230 P.Q. 7+300 PO-550: no pozo T1220, da rede unitaria, existen dúas acometidas de saneamento a través das cales entran augas pluviais procedentes das baixantes das vivendas conectadas. Desconectaranse as acometidas mencionadas do pozo unitario e conectaranse ao pozo contiguo de pluviais.
- 10229 P.Q. 8+400 PO-550: no pozo unitario T1128 existe unha inclusión de pluviais procedente dun edificio de vivendas próximo; e estase vertendo á rede unitaria auga de choiva, ou ben corre libremente pola plataforma da estrada, xerando unha gran superficie de escorrenta. Executarase unha nova rede de drenaxe de pluviais entre os PP.QQ. 8+400 e 8+960 por ambas as marxes.
- 10224 P.Q. 9+440 PO-550: o pozo T1058 recibe a descarga de auga limpa dun bombeo particular procedente do soto dun edificio próximo. Executarase un novo pozo sobre a traza da rede de pluviais, próximo ao actual onde se produce a descarga e reconectarase novamente a impulsión.
- 10223 P.Q. 9+500 PO-550: o pozo pluvial T1053 recibe a inclusión dun sumidoiro pero non existe abertura sobre o colector, o cal provoca que en tempo de choiva o pozo entre en carga, impedindo que o sumidoiro cumpra a súa función e provocando a inundación da vía. Executarase a apertura do colector para iniciar o funcionamento do mesmo.
- 10205 P.Q. 9+900 PO-550: o pozo de fecais H0068 recibe a achega das augas pluviais recollidas por un sumidoiro dun treito de calzada de aproximadamente 150 m. Executarase un treito de pluviais en tubaxe de PVC Ø400 SN8 dende o sumidoiro afectado ata o pozo de pluviais máis próximo situado a uns 80m.
- 10114 P.Q. 10+600 PO-550: existe unha rotura no pozo unitario X0541 a través do cal se producen infiltracións de augas pluviais. Executarase unha gabiá transitable ao longo do trazado involucrado e a reporase o pozo que recibe as infiltracións.
- 10117 P.Q. 10+980 PO-550: localizouse a incorporación do colector de pluviais COL3399 á rede de fecais no pozo X0451, e a existencia dun orificio nun lateral do pozo unitario, o que produce infiltracións importantes de augas pluviais. Desconectarase o colector de pluviais do pozo X0451, executando un novo previamente sobre a traza do colector COL3399. Posteriormente conectarase co pozo de pluviais X0453. As infiltracións detectadas no pozo unitario X0451 resolveranse substituíndo o pozo existente por un novo reforzado.
- 10112 P.Q. 4+400 PO-504: localizouse no pozo unitario X0450 unha incorporación de augas pluviais. Dispónse un novo pozo sobre a traza da rede de pluviais, conectando novamente o sumidoiro a este novo pozo.
- 10111 P.Q. 2+440 y 3+370 PO-504: no pozo unitario X0413 existen infiltracións en tempo seco.
 - PO-504: P.Q. 2+440 marxe esquerda (BOMBEO MUNICIPAL FECAIS): construírse un pozo de formigón in situ reforzado para instalar a bomba de impulsión de fecais, aproveitando a actual e realizando as conexións co colector existente.
 - PO-504: P.Q. 3+730 marxe esquerda (pozo de pluviais conectado a fecais): executarase un novo pozo para as augas pluviais e conectaranse os treitos que actualmente desembocan no pozo de fecais situado na beirarrúa.
- 10116 P.Q. 11+640 PO-550: localizouse a incorporación do colector de pluviais COL3713 á rede de fecais no pozo X0610. Non se puido identificar o pozo X0609, polo que a solución pasa por executar un novo pozo próximo á localización do mesmo, ao que se conectará o pozo de pluviais previo e posterior da mesma marxe da calzada.
- 10129 P.Q. 12+240 PO-550: o pozo M0708 produce a entrada de auga limpa procedente dun prado contiguo, e da gabiá da estrada. Continuarase o treito de beirarrúa, co recrecido do pozo, e se reporán os 30 m de beirarrúa anteriores. Desta maneira, conseguirase evitar a inclusión da auga procedente da gabiá da estrada e a do prado contiguo, xa que se eleva a tapa do pozo. Colocarase dous sumidoiros novos ao longo da renovación do treito de beirarrúa que a súa vez se conectarán coa rede de pluviais existente. No acceso contiguo, en sentido ascendente, executarase unha gabiá dende o inicio da reixa existente, desembocando nun novo sumidoiro situado ao final da mesma. Finalmente conectarase este sumidoiro situado ao final da gabiá co existente no bordo da calzada mediante un colector Ø160.

Firmes e pavimentos:

- Estradas: 3 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) AC 16 Surf BC 50/70 S + rega de adherencia con emulsión C60B3 TER + 7 cm de MBQ AC 22 BIN 50/70 S + rega de imprimación C60BF4 IMP + 25 cm de saburra ZA-20.
- Beirarrúas: pavimento de baldosa hidráulica de 30x30 cm sobre 12 cm de soleira de formigón HM-20.

5. Principais unidades de obra

- | | |
|---|------------|
| - Tubo de PVC corrugado Ø=400 1.045 mm dobre pared SN-8 | 1.045 m. |
| - Recorte de pavimento ou firme | 2.048,00 m |
| - Betume mellorado con caucho BC 50/70 | 38,63 tn |
| - Pozo de rexistro Ø=1000 m para tubos ata Ø=600 | 54,5 ud |

- Formigón bituminoso en frío AF12	3.129,00 Kkg
- Demolición por medios mecánicos de firme bituminoso	450,73 tn
- Formigón bituminoso en quente AC 22 BIN BC 50/70 S	450,73 tn
- Formigón bituminoso en quente AC 16 SURF BC 50/70 S	321,95 tn
- Recheo localizado en zanxas con seleccionados (escavación)	1.227,90 tn
- Pavimento de baldosa hidráulica de cor 30x30	392,93 m²
- Escavación en zanja en terreo sen clasificar	1.497,42 m³
- Sumidoiro clase D-400 de 0,50x0,30 m	44 ud

6. Poboación Servida

Sanxenxo 17.837 hab. Meaño 5.260 hab.

TOTAL: 23.097 hab.

7. Concellos Afectados

Sanxenxo e Meaño.

8. Expropiacións

Parcelas afectadas: 2, pertencentes ao concello de Sanxenxo e unha superficie de 323,80 m²

Expropiación de terreos 13.162,06 €

Bens Afectados 1.470,00 €

Premio de afección 731,60 €

TOTAL 15.363,67 €

9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.

10. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE) 447.748,39 €

Orzamento expropiacións 15.363,67 €

Orzamento para coñecemento da administración 463.112,06 €.-

PLANO DE SITUACIÓN

